

## Obxectivo xeral

*Sair ao encontro dos xoves para coñecer a súa realidade, escoitalos e acompañalos a descubrir a alegría de Xesucristo e o seu Evanxeo.*

## Obxectivo específico 1

*Achegarnos aos xoves, desde o propio testemuño, con actitude renovada de escoita para coñecer quen son, que buscan, que esperan.*

## Liñas de acción

- 1.1. Aproveitar as actividades formativas diocesanas para invitar a novos axentes de pastoral a afondar na súa capacidade de escoita e acollida, especialmente dos xoves.
- 1.2. Fomentar a participación en encontros con xoves, en itinerarios de formación, actos orgaizados por e para xoves a fin de ter un maior coñecemento e colaboración con eles e así sexa mais doado alcanzar os obxetivos propostos.
- 1.3. Manter un seguimento puntual e darlle difusión ao reflexionado e acordado no próximo Sínodo da Xuventude para afondar no seu coñecemento e nun acompañamento mais eficaz dos xoves.

## Obxectivo específico 2

*Acompañar a mocidade no seu proceso vital e de fe e promover a súa participación e protagonismo na realidade diocesana, arciprestal e parroquial.*

## Liñas de acción

- 2.1. Participar nas canles de achegamento e colaboración entre as diversas entidades, delegacións e movementos e fomentar a participación dos xoves nas distintas tarefas

parroquiais, arceprestais e diocesanas.

- 2.2. Propiciar a preparación e a inserción sociolaboral, especialmente de xoves africanos, mediante a realización do curso de soldadura que levamos a cabo anualmente entre os meses de marzo e xuño, e tratar de concretar outros proxectos similares.
- 2.3. Organizar, xunto con outros colectivos, o 7 de Outubro, a Xornada que reivindica a nivel mundial un traballo decente.
- 2.4. Esta delegación de P.O. propónse difundir os medios informativos da HOAC e da XOC, especialmente en relación con certas celebracións ou xornadas vencelladas co mundo da xuventude e do traballo.

## Obxectivo específico 3

*Promover a participación do laicado, en especial da xuventude, e fomentar a súa formación espiritual e pastoral.*

## Liñas de acción

- 3.1. Animar a constitución do Consello Diocesano de Pastoral.
- 3.2. Participar nos traballos preparatorios do Congreso do Apostolado Seglar convocado pola CEE para Novembro do 2019 e fomentar a participación doutros grupos.
- 3.3. Reflexionar en grupo o documento "Renovación pastoral" e colaborar na posta en marcha das conclusións acordadas.